



**ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO CELEBRADO O DEZ DE MARZO DE DOUS MIL DEZASEIS.**

**ASISTENTES**

**ALCALDESA:** DONA MARIA Lloureiro.OUREIRO GARCIA, PSdG-PSOE

**CONCELLEIROS:**

D.JESÚS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL, PSdG-PSOE  
DONA MARIA ISABEL RODRÍGUEZ LOPEZ, PSdG-PSOE  
DON JESÚS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ , PSdG-PSOE  
DONA LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ NORIEGA, PSdG-PSOE  
DON EMILIO VILLARMEA MENDEZ, PSdG-PSOE  
DONA MARIA SOLEDAD REY YÁNEZ , PSdG-PSOE  
DON CARLOS ALBERTO GUEIMUNDE CABALEIRO, PSdG-PSOE  
DON ANTONIO JOSE BOUZA RODIL, P.P  
DON JAIME EUARDO DE OLANO VELA, P.P  
DON CELESTINO VALENTIN GARCIA PAZ P.P  
DONA MARIA JESÚS VALE LOPEZ, P.P.  
DON BELINDA BERMÚDEZ OTERO, P.P.  
DON BERNARDO JOSE FRAGA GALDO, BNG  
DON MANUEL GALDO DOPICO, BNG  
DONA SARAY BLANCO CANOURA, BNG  
DON MARCOS BESADA ALVAREZ.SON-VIVEIRO.

**INTERVENTORA.** DONA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ

**SECRETARIA ACCTAL:** DONA FATIMA MOAR RIVERA

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dez de marzo de dous mil dezaseis, reúnense , en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno do Concello, previa convocatoria ao efecto, e en primeria convocatoria, baixo a Presidencia da Sra.Alcaldesa, asistida de mín, a Secretaria accidental.

A hora sinalada para este acto, pola Sra. Alcaldesa declárase aberto o mesmo.

**“1º.-TOMA DE POSESION, NO SEU CASO, DO NOVO CONCELLEIRO MARCOS BESADA ALVAREZ E XURAMENTO OU PROMESA DO SEU CARGO.**

Por parte da Secretaria Accidental dase conta ó Pleno a expedición da credencia de Concelleiro pola Xunta Electoral Central, a favor de D. MARCOS BESADA ALVAREZ, así como de que foi formulada a declaración de bens patrimoniais, e a causa de posibles incompatibilidades e actividades que podan proporcionar ingresos económicos, ós efectos da súa inscrición no correspondente rexistro de intereses, tal como está previsto no artigo 75 da Lei 771985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, polo que o interesado podería proceder á toma de posesión do seu cargo.

Por parte de D. Marcos Besada Alvarez procédese a prestar promesa do seu cargo segundo a fórmula establecida no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril:



“Como cidadán partidario dun modelo de Estado republicano, federal, solidario, igualitario e laico Prometo por imperativo legal cumprir fielmente coas obrigas do cargo de Concelleiro con lealdade aos cidadáns do Concello de Viveiro e gardar e facer gardar a Constitución como Norma Fundamental do Estado”.

Acto seguido, e tras considerar que se cumpriron os requisitos legalmente previstos para a adquisición da condición de Concelleiro, o Pleno dá posesión a D. Marcos Besada Alvarez do seu cargo de Concelleiro.

Intervén a Sra. Alcaldesa para comentar que o novo concelleiro xa tomou posesión do seu cargo, quedando adscrito ó Grupo Municipal do SON VIVEIRO (SON) dándolle a benvida á Corporación e cedéndolle o uso da palabra, da que non fai uso.

### **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DE DATA 29 DE DECEMBRO DE 2015.-**

Pola Sra. Alcaldesa Dona María Loureiro García, pregúntase ós Srs. Concelleiros se teñen algunha rectificación ou aclaración que facer á acta da sesión do 29 de decembro de 2016.

**Seguidamente** e saíndose do punto da Orde do día, prodúcese, no turno da súa palabra, a intervención de **D. Antonio José Bouza Rodil, Concelleiro e voceiro do grupo municipal do P. P.** Para solidarizarse coa familia da falecida e unirse ás “asociacións de Galdo e da Xunta Parroquial” que recadan fondos para reconstruír a casa arrasada no incendio producido o día 2 de marzo, polo que en sinal de donativo desexan se ingrese na conta que está aberta para tal fin, na entidade bancaria Abanca, o importe das dietas establecidas por asistencia a este Pleno dos cinco membros que forman o grupo municipal do partido popular.

**Intevén a continuación o voceiro do BNG, D. Bernardo Fraga Galdo,** que en nome dos seus compañeiros e en nome propio ven en lamentar o tráxico accidente e manifesta a súa solidariedade coa familia afectada rexeitando o importe das dietas dos membros do seu grupo municipal do Concello para uni-las á coleta popular.

Seguidamente toma a palabra o Concelleiro de **SON-VIVEIRO, D. Marcos Besada Alvarez,** quen de igual modo rexeita a súa dieta de asistencia á sesión plenaria e empregala como donativo pola causa.

Finalmente **pola Sra. Alcaldesa, Dona María Loureiro García,** maniféstase que xa se transmitiu a súa dispoñibilidade total de apoiar en todo o posible á familia de Galdo, que perdeu a súa casa. Polo que os membros do grupo municipal do PSdG-PSOE tamen rexeitan as dietas coa finalidade de que sexan ingresadas na conta da entidade bancaria aberta polas asociacións veciñais.

E non producíndose ningunha máis obxección ou puntualización, o Pleno Corporativo, por unanimidade, acorda prestarlle a súa aprobación a Acta do 29 de decembro de 2015.

### **3º.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDÍA**

Pola Sra. Alcaldesa dase conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación íntegra do Pleno.

Non se producen intervencións e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado das Resolucións dictadas pola Alcaldía.



**4º.--DACION DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DE AVALIACION DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA, DA REGRA DE GASTO, DO LIMITE DE DEBEDA PUBLICA E DO PERIODO MEDIO DE PAGO CON MOTIVO DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE VIVEIRO DO ANO 2015.**

Prócedese neste punto da Orde do día a dar conta do informe emitido pola Intervención en cumprimento do dispostona Lei Organica 2/2012, coas seguintes conclusións:

“A Liquidación do Presuposto Xeral do exercicio 2015 cumpre co obxectivo de estabilidade presupostaria, cunha capacidade de financiamento de 144.932,80 €.

Cumpre co límite de débeda pública cunha débeda viva que ascende a 12.932.814,97 €, que supón o 98,99% dos ingresos correntes de carácter ordinario.

Cumpre co período medio de pago segundo a metodoloxía do RD 635/2014, de 25 de xullo.

Incumple co obxectivo da regra de gasto, cunha diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable ao peche do exercicio de 887.710,51 €, cunha variación de gasto computable de 8,41%.

Deberá aprobarse polo Pleno un Plan Económico-Financeiro de reequilibrio (en adiante PEF) que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento da regra de gasto ( 2016-2017) co contido e na forma que establecen os artigos 21 e 23 da LOE.

A aprobación e publicación (artigo 23.1 e 4 da LOE): O plan económico-financeiro debe ser elevado ao Pleno no prazo máximo dun mes dende o que se poña de manifesto o desequilibrio. O Pleno dispón, como máximo, de dous meses dende a presentación do plan para a súa aprobación e a súa posta en marcha non pode exceder de 3 meses dende a constatación do incumprimento. A publicidade é a mesma que a do presuposto.

Responsabilidades pola non presentación do PEF: constitúe infracción moi grave a non presentación ou a falta de posta en marcha no prazo do plan económico financeiro ou as medidas do mesmo, como recolle o artigo 28, apartados h) e j) da Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia, acceso á información e bo goberno, que deberá sancionarse segundo o previsto no seu artigo 30..Viveiro, 29 de febreiro a interventora.

O Pleno Corporativo, por unanimidade, acorda darse por enterado.

**5º.-RESOLVER DECLARAR A INEXISTENCIA DO CAMIÑO DENOMINADO CARREIRO IGLESIA ARADA” COMO CAMIÑO DE TITULARIDADE MUNICIPAL**

Pola Alcaldía ten a ben elevar ó Pleno da Corporación a seguinte

**PROPOSTA:**



**Primeiro.-** Declarar a inexistencia do camiño denominado “Carreiro Iglesia-Arada”, como camiño de titularidade municipal, co trazado con que constaba no inventario de bens municipais.

**Segundo.-** Acordar a rectificación do Inventario de Bens Municipais segundo o resultado do expediente de investigación, co obxectivo de eliminar o camiño denominado “Carreiro-Iglesia-Arada”.

**Terceiro** Notificar o presente acordo ós interesados no expediente

**Cuarto** Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Urbanismo ós efectos da resolución do expediente de reposición de legalidade e levantamento da suspensión das obras amparadas pola licenza URB/178/2013.-En Viveiro a 12 de febreiro de 2016.

Visto o informe da Secretaria Municipal

O Pleno da Corporación, por unanimidade, con dezasete votos a favor de todos os membros da Corporación, **ACORDA:**

Prestar aprobación á Proposta da Alcaldía, en tódolos puntos, e resolve **declarar** a inexistencia do Camiño denominado “Carreiro-Iglesia-Arada”, como camiño de Titularidade municipal.”

## **6º.-CORRECCION DE ERROS DE ACORDOS PLENARIOS DE DATAS 07-10-2015 E 02-12-2015 REFERENTES A CAMBIOS DE TITULARIDADE DE CONCESIONS ADMINISTRATIVAS NO CEMITERIO MUNICIPAL.**

### **6.1.- MARÍA DOLORES BEN ABAD**

Visto que en data 7 de outubro de 2015 se adoptou acordo do Pleno da Corporación referente a cambio de titularidade no Cemiterio Municipal de Altamira.

Visto que o referido acordo di:

#### **“A.- MARÍA DOLORES BEN ABAD**

*Vista a solicitude de D<sup>a</sup>. María Dolores Ben Abad, con DNI 33678817D, e domicilio a efectos de notificación en R/ Nicolás Cora Montenegro N<sup>o</sup> 76, 3<sup>o</sup>E, Viveiro, para o cambio de titularidade ó seu nome da concesión administrativa no cemiterio municipal de Altamira, correspondente a un NICHU situado no Grupo “San Germán”, Cadro 1, Fila 25, Números 1-2-3-4, que figuran no título concesional a nome de D<sup>a</sup>. Carmen Fraga Balseiro e D<sup>a</sup>. Dolores Ben Abad.*

*Vista a documentación presentada pola solicitante, en orde a acreditar o seu dereito á titularidade da concesión solicitada.*

*Resultando que o artigo 41 do Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello de Viveiro, publicado no BOP n<sup>o</sup> 216, de 18 de setembro de 2008, establece que a titularidade das concesións administrativas pode ser modificada por falecemento do titular ou inter vivos.*



*Resultando que o artigo 43 do Regulamento Municipal establece un prazo de dous anos dende o falecemento do titular para solicitar o cambio de titularidade ó seu favor, que no suposto de existencia de varios herdeiros e tramitación da declaración de herdeiros este prazo empezará a contar dende a data da declaración de herdeiros (debendo presentarse no prazo de dous anos escrito de comunicación desta circunstancia). Transcorrido este prazo sen producirse a solicitude referida iniciarase expediente para a invalidación do título de concesión, revertendo a favor do Concello.*

*Resultando que o apartado segundo da modificación do Regulamento Municipal publicado no BOP nº 200, de data 1 de setembro de 2014, establece unha ampliación do prazo de adaptación das concesións administrativas do Cemiterio Municipal ó Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios, en cinco anos dende a publicación de dita modificación, polo que durante este prazo se poden actualizar as concesións administrativas.*

*Resultando que segundo establece o artigo 93 da LPAP o prazo máximo será de 75 anos.*

*Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural.*

*Non existindo debate sobre este asunto, acórdase por unanimidade dos presentes:*

*Primeiro.- Cambiar a titularidade da concesión administrativa do NICH0 situado no Grupo “San Germán”, Cadro 1, Fila 25, Números 1-2-3-4, que figuran no título concesional a nome de D<sup>a</sup>. Carmen Fraga Balseiro e D<sup>a</sup>. Dolores Ben Abad, pasando a ser titularidade de D<sup>a</sup>. María Dolores Ben Abad.*

*Segundo.- Informar ó interesado que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 13/07/1994), debendo solicitarse a renovación da mesma tres meses antes do seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, producíndose o vencemento dos 25 anos da concesión o 13/07/2019.*

*Terceiro.- Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.*

*Cuarto.- Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.*

*Quinto.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.*

*Advertido erro de feito na transcripción de datos referentes ós titulares e datos da concesión.*



O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Modificar o acordo adoptado en data 7 de outubro de 2015 por contar cun erro de feito, quedando dito acordo do seguinte xeito:

**“A.- MARÍA DOLORES BEN ABAD**

*Vista a solicitude de D<sup>a</sup>. María Dolores Ben Abad, con DNI 33678817D, e domicilio a efectos de notificación en R/ Nicolás Cora Montenegro N<sup>o</sup> 76, 3<sup>o</sup>E, Viveiro, para o cambio de titularidade a nome de Dona Carmen Vale Insua da concesión administrativa no cemiterio municipal de Altamira, correspondente a uns NICHOS sitios no Grupo “San Germán”, Cadro 1, Fila 25, Números 1-2-3-4, que figuran no título concesional a nome de D<sup>a</sup>. Carmen Fraga Balseiro e D<sup>a</sup>. Dolores Ben Abad.*

*Vista a documentación presentada pola solicitante, en orde a acreditar o seu dereito á titularidade da concesión solicitada.*

*Resultando que o artigo 41 do Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello de Viveiro, publicado no BOP n<sup>o</sup> 216, de 18 de setembro de 2008, establece que a titularidade das concesións administrativas pode ser modificada por falecemento do titular ou inter vivos.*

*Resultando que o artigo 43 do Regulamento Municipal establece un prazo de dous anos dende o falecemento do titular para solicitar o cambio de titularidade ó seu favor, que no suposto de existencia de varios herdeiros e tramitación da declaración de herdeiros este prazo empezará a contar dende a data da declaración de herdeiros (debendo presentarse no prazo de dous anos escrito de comunicación desta circunstancia). Transcorrido este prazo sen producirse a solicitude referida iniciarase expediente para a invalidación do título de concesión, revertendo a favor do Concello.*

*Resultando que o apartado segundo da modificación do Regulamento Municipal publicado no BOP n<sup>o</sup> 200, de data 1 de setembro de 2014, establece unha ampliación do prazo de adaptación das concesións administrativas do Cemiterio Municipal ó Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios, en cinco anos dende a publicación de dita modificación, polo que durante este prazo se poden actualizar as concesións administrativas.*

*Resultando que segundo establece o artigo 93 da LPAP o prazo máximo será de 75 anos.*

*Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural.*

*Non existindo debate sobre este asunto, acórdase por unanimidade dos presentes:*

*Primeiro.- Cambiar a titularidade da concesión administrativa dos NICHOS sitios no Grupo “San Germán”, Cadro 1, Fila 25, Números 1-2-3-4, que figuran no título concesional a nome de D<sup>a</sup>. Carmen Fraga Balseiro e D<sup>a</sup>. Dolores Ben Abad, pasando a ser titularidade de D<sup>a</sup>. Carmen Vale Insua, co DNI: 33.759.683-F*



*Segundo.- Informar ó interesado que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 13/07/1994), debendo solicitarse a renovación da mesma tres meses antes do seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, producíndose o vencemento dos 25 anos da concesión o 13/07/2019.*

*Terceiro.- Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.*

*Cuarto.- Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.*

*Quinto.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.*

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio Municipal para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á interesada.”

## **6.2.- MARÍA ELMA CHAO PARDO**

Visto que en data 2 de decembro de 2015 se adoptou acordo do Pleno da Corporación referente a cambio de titularidade no Cemiterio Municipal de Altamira.

Visto que o referido acordo di:

### **“E.- MARÍA ELMA CHAO PARDO**

*Vista a solicitude de D<sup>a</sup> María Elma Chao Pardo, con DNI 33761853S, e domicilio a efectos de notificación en R/Villafranca del Bierzo, N<sup>o</sup> 9, 2<sup>a</sup>A, Viveiro, para o cambio de titularidade ó seu nome da concesión administrativa no cemiterio municipal de Altamira, correspondente a un NICHU situado no Grupo “San Juan”, Cadro 2, Fila A, Números 1-2, que figuran no título concesional a nome de D. Gerardo López **Regueiro**.*

*Vista a documentación presentada polo solicitante, en orde a acreditar o seu dereito á titularidade da concesión solicitada.*

*Resultando que o artigo 41 do Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello de Viveiro, publicado no BOP n<sup>o</sup> 216, de 18 de setembro de 2008, establece que a titularidade das concesións administrativas pode ser modificada por falecemento do titular ou inter vivos.*



*Resultando que o artigo 43 do Regulamento Municipal establece un prazo de dous anos dende o falecemento do titular para solicitar o cambio de titularidade ó seu favor, que no suposto de existencia de varios herdeiros e tramitación da declaración de herdeiros este prazo empezará a contar dende a data da declaración de herdeiros (debendo presentarse no prazo de dous anos escrito de comunicación desta circunstancia). Transcorrido este prazo sen producirse a solicitude referida iníciárase expediente para a invalidación do título de concesión, revertendo a favor do Concello.*

*Resultando que o apartado segundo da modificación do Regulamento Municipal publicado no BOP nº 200, de data 1 de setembro de 2014, establece unha ampliación do prazo de adaptación das concesións administrativas do Cemiterio Municipal ó Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios, en cinco anos dende a publicación de dita modificación, polo que durante este prazo se poden actualizar as concesións administrativas.*

*Resultando que segundo establece o artigo 93 da LPAP o prazo máximo será de 75 anos.*

*Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural.*

*Non existindo debate sobre este asunto, acórdase por unanimidade dos presentes:*

*Primeiro.- Cambiar a titularidade da concesión administrativa do NICHÓ situado no Grupo “San Juan”, Cadro 2, Fila A, Números 1-2, que figuran no título concesional a nome de D. Gerardo López **Regueiro**, pasando a ser titularidade de D<sup>a</sup>. María Elma Chao Pardo.*

*Segundo.- Informar ó interesado que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 10/09/1986), debendo solicitarse a renovación da mesma tres meses antes do seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, producíndose o vencemento dos segundos 25 anos da concesión o 10/09/2036.*

*Terceiro.- Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.*

*Cuarto.- Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.*

*Quinto.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.”*

Advertido erro de feito na transcripción de datos referentes ós titulares e datos da concesión.





O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Modificar o acordo adoptado en data 2 de decembro de 2015 por contar cun erro de feito, quedando dito acordo do seguinte xeito:

**“E.- MARÍA ELMA CHAO PARDO**

*Vista a solicitude de D<sup>a</sup>. María Elma Chao Pardo, con DNI 33761853S, e domicilio a efectos de notificación en R/Villafranca del Bierzo, N<sup>o</sup> 9, 2<sup>a</sup>A, Viveiro, para o cambio de titularidade ó seu nome da concesión administrativa no cemiterio municipal de Altamira, correspondente a uns NICHOS sitos no Grupo “San Juan”, Cadro 2, Fila A, Números 1-2, que figuran no título concesional a nome de D. Gerardo López **Guerreiro**.*

*Vista a documentación presentada polo solicitante, en orde a acreditar o seu dereito á titularidade da concesión solicitada.*

*Resultando que o artigo 41 do Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello de Viveiro, publicado no BOP n<sup>o</sup> 216, de 18 de setembro de 2008, establece que a titularidade das concesións administrativas pode ser modificada por falecemento do titular ou inter vivos.*

*Resultando que o artigo 43 do Regulamento Municipal establece un prazo de dous anos dende o falecemento do titular para solicitar o cambio de titularidade ó seu favor, que no suposto de existencia de varios herdeiros e tramitación da declaración de herdeiros este prazo empezará a contar dende a data da declaración de herdeiros (debendo presentarse no prazo de dous anos escrito de comunicación desta circunstancia). Transcorrido este prazo sen producirse a solicitude referida iniciarase expediente para a invalidación do título de concesión, revertendo a favor do Concello.*

*Resultando que o apartado segundo da modificación do Regulamento Municipal publicado no BOP n<sup>o</sup> 200, de data 1 de setembro de 2014, establece unha ampliación do prazo de adaptación das concesións administrativas do Cemiterio Municipal ó Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios, en cinco anos dende a publicación de dita modificación, polo que durante este prazo se poden actualizar as concesións administrativas.*

*Resultando que segundo establece o artigo 93 da LPAP o prazo máximo será de 75 anos.*

*Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural.*

*Non existindo debate sobre este asunto, acórdase por unanimidade dos presentes:*

*Primeiro.- Cambiar a titularidade da concesión administrativa dos NICHOS sitos no Grupo “San Juan”, Cadro 2, Fila A, Números 1-2, que figuran no título concesional a nome de D. Gerardo López **Guerreiro**, pasando a ser titularidade de D<sup>a</sup>. María Elma Chao Pardo.*

*Segundo.- Informar ó interesado que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira*



*concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 10/09/1986), debendo solicitarse a renovación da mesma tres meses antes do seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, producíndose o vencemento dos segundos 25 anos da concesión o 10/09/2036.*

*Terceiro.- Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.*

*Cuarto.- Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.*

*Quinto.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.”*

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio Municipal para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á interesada.”

### **6.3.- DOLORES ROSARIO PARDO TALADRID**

Visto que en data 2 de decembro de 2015 se adoptou acordo do Pleno da Corporación referente a cambio de titularidade no Cemiterio Municipal de Altamira.

Visto que o referido acordo di:

#### **“C.- DOLORES ROSARIO BLANCO TALADRIZ**

*Vista a solicitude de D<sup>a</sup>. Dolores Rosario **Blanco** Taladriz, con DNI 76530566K, e domicilio a efectos de notificación en R/ Andrés Gaos, N<sup>o</sup> 24, 2<sup>o</sup> esq., C.P. 15010, A Coruña, para o cambio de titularidade ó seu nome da concesión administrativa no cemiterio municipal de Altamira, correspondente a un NICHU situado no Grupo “San Juan”, Cadro 4 Fila A, Números 1-2-3-4, que figura no título concesional a nome de D. Eduardo Pardo **Roca**.*

*Vista a documentación presentada polo solicitante, en orde a acreditar o seu dereito á titularidade da concesión solicitada.*

*Resultando que o artigo 41 do Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello de Viveiro, publicado no BOP n<sup>o</sup> 216, de 18 de setembro de 2008, establece que a titularidade das concesións administrativas pode ser modificada por falecemento do titular ou inter vivos.*

*Resultando que o artigo 43 do Regulamento Municipal establece un prazo de dous anos dende o falecemento do titular para solicitar o cambio de titularidade ó seu favor, que no suposto de*



*existencia de varios herdeiros e tramitación da declaración de herdeiros este prazo empezará a contar dende a data da declaración de herdeiros (debendo presentarse no prazo de dous anos escrito de comunicación desta circunstancia). Transcorrido este prazo sen producirse a solicitude referida iniciarase expediente para a invalidación do título de concesión, revertendo a favor do Concello.*

*Resultando que o apartado segundo da modificación do Regulamento Municipal publicado no BOP nº 200, de data 1 de setembro de 2014, establece unha ampliación do prazo de adaptación das concesións administrativas do Cemiterio Municipal ó Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios, en cinco anos dende a publicación de dita modificación, polo que durante este prazo se poden actualizar as concesións administrativas.*

*Resultando que segundo establece o artigo 93 da LPAP o prazo máximo será de 75 anos.*

*Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural.*

*Non existindo debate sobre este asunto, acórdase por unanimidade dos presentes:*

*Primeiro.- Cambiar a titularidade da concesión administrativa do NICHÓ situado no Grupo “San Juan”, Cadro 4 Fila A, Números 1-2-3-4, que figuraba no título concesional a nome de D. Eduardo Pardo **Roca**, pasando a ser titularidade de D<sup>a</sup>. Dolores Rosario **Blanco** Taladriz.*

*Segundo.- Informar ó interesado que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 10/09/1986), debendo solicitarse a renovación da mesma tres meses antes do seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, producíndose o vencemento dos segundos 25 anos da concesión o 10/09/2036.*

*Terceiro.- Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.*

*Cuarto.- Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.*

*Quinto.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.”*

Advertido erro de feito na transcripción de datos referentes ós titulares e datos da concesión.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:



Primeiro.- Modificar o acordo adoptado en data 2 de decembro de 2015 por contar cun erro de feito, quedando dito acordo do seguinte xeito:

**“C.- DOLORES ROSARIO PARDO TALADRID**

*Vista a solicitude de D<sup>ª</sup>. Dolores Rosario **Pardo Taladrid**, con DNI 76530566K, e domicilio a efectos de notificación en R/ Andrés Gaos, N<sup>º</sup> 24, 2<sup>º</sup> esq., C.P. 15010, A Coruña, para o cambio de titularidade ó seu nome da concesión administrativa no cemiterio municipal de Altamira, correspondente a uns NICHOS sitios no Grupo “San Juan”, Cadro 4 Fila A, Números 1-2-3-4, que figura no título concesional a nome de D. Eduardo Pardo **Oca**.*

*Vista a documentación presentada polo solicitante, en orde a acreditar o seu dereito á titularidade da concesión solicitada.*

*Resultando que o artigo 41 do Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello de Viveiro, publicado no BOP n<sup>º</sup> 216, de 18 de setembro de 2008, establece que a titularidade das concesións administrativas pode ser modificada por falecemento do titular ou inter vivos.*

*Resultando que o artigo 43 do Regulamento Municipal establece un prazo de dous anos dende o falecemento do titular para solicitar o cambio de titularidade ó seu favor, que no suposto de existencia de varios herdeiros e tramitación da declaración de herdeiros este prazo empezará a contar dende a data da declaración de herdeiros (debendo presentarse no prazo de dous anos escrito de comunicación desta circunstancia). Transcorrido este prazo sen producirse a solicitude referida iniciarase expediente para a invalidación do título de concesión, revertendo a favor do Concello.*

*Resultando que o apartado segundo da modificación do Regulamento Municipal publicado no BOP n<sup>º</sup> 200, de data 1 de setembro de 2014, establece unha ampliación do prazo de adaptación das concesións administrativas do Cemiterio Municipal ó Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios, en cinco anos dende a publicación de dita modificación, polo que durante este prazo se poden actualizar as concesións administrativas.*

*Resultando que segundo establece o artigo 93 da LPAP o prazo máximo será de 75 anos.*

*Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural.*

*Non existindo debate sobre este asunto, acórdase por unanimidade dos presentes:*

*Primeiro.- Cambiar a titularidade da concesión administrativa dos NICHOS sitios no Grupo “San Juan”, Cadro 4 Fila A, Números 1-2-3-4, que figuraba no título concesional a nome de D. Eduardo Pardo **Oca**, pasando a ser titularidade de D<sup>ª</sup>. Dolores Rosario **Pardo Taladrid**.*

*Segundo.- Informar ó interesado que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 10/09/1986), debendo solicitarse a renovación da mesma tres meses antes do seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, producíndose o vencemento dos segundos 25 anos da concesión o 10/09/2036.*



*Terceiro.- Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.*

*Cuarto.- Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.*

*Quinto.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.”*

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio Municipal para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á interesada.”

**7º.-“ PROPOSTA DE ACORDO DE DELEGACIÓN NA EXCMA.DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO SEGUNDO AS NOVAS BASES QUE REXEN A ACEPTACIÓN E ASUNCIÓN, POR DELEGACIÓN EXPRESA, DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE XESTION, INSPECCION E RECADACIÓN EN RELACION A TRIBUTOS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PUBLICO**

Pola Sra.Alcaldesa outórgase o uso da palabra o Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, quen expón ao Pleno Corporativo a seguinte proposta:

“De conformidade co disposto no art. 106.3 da Lei 7/ 1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o art. 7 do texto refundido da Lei Reguladora das Fachendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e as bases aprobadas polo Pleno da Excma. Deputación Provincial de data 27/11/2007, e modificadas por acordos do 28/10/2008 e do 29/12/2015.

**PROPONSE.**

**PRIMEIRO.-DELEGAR:**

1.-Con efectos de 1 de xaneiro de 2016, todas as competencias deste Concello en materia de xestión, inspección e recadación, tanto en período voluntario coma en período executivo, reguladas no vixente texto refundido da Lei Reguladora das Fachendas Locais, xa estean atribuídas, directamente, pola Lei Reguladora das Facendas Locais, xa estean atribuídas, directamente, pola propia norma, ou sexan asumibles en virtude dos convenios de delegación ou acordos de colaboración que a Deputación Provincial puidese celebrar con calquera das Administracións públicas, do Imposto sobre Actividades Económicas.



2.- Con efectos do 1 de xaneiro de 2016, as competencias que este Concello ten atribuídas en materia de xestión, inspección e recadación, tanto en período voluntario coma en período executivo, do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

3.- Con efectos do 1 de xaneiro de 2016, as competencias de xestión recadatoria e período executivo de todas aquelas débedas derivadas de liquidacións periódicas, ou non periódicas realizadas polo Concello en período voluntario, incluídas as sancións e aquelas outras derivadas dun acto administrativo, en virtude do cal houbese de satisfacerse cantidade líquida.

## **SEGUNDO.- Aprobar as condicións que han de rexir as delegacións:**

### 1-Réxime Xurídico

Para o exercicio das competencias delegadas, a Deputación Provincial aterase ao dispostonas presentes bases, ao ordenamento xurídico local e demais lexislación aplicable de conformidade coa normativa reguladora das fachendas locais, así como normativa en materia de xestión, inspección e recadación que puidese ditar a Excma. Deputación Provincial de Lugo, en uso da potestade regulamentaria prevista no art. 106.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

A Deputación Provincial, segundo o réxime de competencias dos seus órganos, poderá ditar disposicións sobre interpretación ou aplicación da normativa anterior, e aprobar os períodos de pagamento de cada un dos tributos.

### 2.- Alcance do exercicio das competencias delegadas.

A delegación de competencias supón que, a Deputación Provincial, asume a totalidade de funcións e atribucións, tanto en relación a actuacións materiais, como executivas.

O Concello poderá avocar para sí, coa conformidade da Deputación Provincial, a tramitación de determinados expedientes que, pola súa repercusión económico-social, resulte aconsellable.

Calquera outra actuación do Concello no ámbito das competencias delegadas suporía un incumprimento das presentes bases.

En ambos os dous supostos, por parte da Deputación, procederá a formular data das liquidacións ou cargos a afectados, e quedará exenta de responsabilidades que puidesen producirse no futuro, e sen que poidan ser cursadas de novo para continuar o procedemento.

En particular sinálanse como competencia da Deputación:

-Declaración de insolvencias e créditos incobrables.

-Actuacións xudiciais en relación a procedementos realizados pola Deputación no marco destas bases, e actuacións xudiciais en materia concursal.

### 3.- Mellora da xestión tributaria do Concello

A Excma. Deputación Provincial de Lugo poderá, directament eou mediante convenio con outras administracións públicas, prestar a súa colaboración para a mellora da xestión tributaria do Concello, podendo proceder á contratación, con empresas especializadas, de traballo de asistencia técnica, ás condicións da cal poderán acollerse o Concello.



#### 4.-Formas de xestión

A Deputación Provincial poderá exercer as competencias delegadas a través de calquera das formas de xestión de servizos previstos pola Lei.

#### 5.- Contías mínimas

Non se procederá á xestión (liquidación ou recadación) daquelas débedas inferiores á contía que se estime ou fixe como insuficiente para a cobertura do custo que a súa exacción ou recadación represente, segundo os criterios que estableza o Ministerio de Economía e Fachenda en desenvolvemento do art. 16 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou norma que a puidese substituír.

Non obstante poderanse acumular aquelas débedas inferiores á citada contía, referidas a un contribuínte e concepto, polo mesmo exercicio económico.

#### 6.- Cargos en período executivo

Os cargos que realice o Concello para a súa xestión recaudatoria en período executivo, haberán de acompañarse dun soporte informático no que se incorporen todos os elementos das débedas tributarias. Os devanditos cargos haberán de ser remitidos á Deputación Provincial, como tempo máximo, no exercicio seguinte a aquel en que se realizara a cobranza en período voluntario.

#### 7.-Colaboración do Concello

O Concello prestará á Deputación Provincial de Lugo a colaboración que resulte necesaria para a boa prestación do servizo.

#### 8.- Competencia económica

Polo exercicio das funcións delegadas a Deputación Provincial de Lugo percibirá unha compensación económica consistente en:

- a) 0 1% do principal e dos xuros recadados en período voluntario.
- b) 0 75% da recarga en período executivo procedente, e dos xuros recadados neste período.

#### 9.- Entrega a conta

A Deputación Provincial realizará entregas mensuais, sen custo para o Concello, a conta da recadación en período voluntario das débedas de notificación colectiva por padrón, que ha de recadar en cada exercicio, segundo competencias delegadas.

O importe das entregas a conta calcularase sobre o 90% da recadación, por padróns do exercicio anterior, repartido en 12 mensualidades.

#### 10 –Liquidacións provisionais e definitiva

##### 10.1 Liquidación provisional



A Deputación Provincial, para os efectos informativos, practicará liquidacións provisionais coa seguinte periodicidade:

-Mensual: recadación en período voluntario de padróns.

-Trimestral: recadación en período voluntario de liquidacións individuais e recadación en período executivo.

## 10.2 Liquidación definitiva

No primeiro trimestre do exercicio seguinte practicarse liquidación anual e definitiva e producirase o ingreso do importe definitivo de recadación do que se deducirá:

-O importe das entregas a conta mensuais.

Devolución de ingresos indebidos.

A compensación económica a que se refire a base décima pola prestación do servizo.

-Calquera outro importe que proceda, relacionado coas competencias delegadas.

En relación a esta liquidación anual, unha vez comunicada ao concello, este poderá, no prazo dun mes, alegar o que estime pertinente, así como achegar calquera tipo de documentación.

Transcorrido o prazo sinalado, sen que se presenten alegacións, a liquidación anual entenderase definitivamente aprobada.

Polo Presidente da Deputación, resolverase sobre as alegacións formuladas e sobre a aprobación definitiva da liquidación anual.

## 11 –Régime de vixencia

11.1. As presente bases inician a súa vixencia a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e do Diario Oficial de Galicia. Sendo o primeiro ano o da súa publicación, e finalizando o 31 de decembro de 2018.

11.2- O prazo inicial de delegación renovarase, automaticamente, por períodos de DEZ ANOS, se ningunha das partes manifesta, expresamente, a súa vontade en contra, mediante acordo plenario adoptado, e comunicado cun mínimo dun ano de antelación á data de vencemento.

11.3- Durante a vixencia da delegación, e sen que afecte ao período sinalado nesta, o Concello poderá ampliar o seu contido dentro do marco establecido nestas bases, mediante acordo plenario comunicado á Deputación Provincial e producirá efecto dende a data da súa publicación no BOP e o DOG.

11.4- Estas bases manterán a súa vixencia naqueles supostos de cambios normativos que non varíen o réxime de delegación, ou establezan tributos ou outros ingreso públicos que substitúan os actuais.

**TERCEIRO.-** Facultar á Sra. Alcaldesa para a sinatura do convenio e tódolos documentos que se precisen, así como para a execución das actuacións necesarias para levar a efecto este acordo.

### **Aberta a quenda de intervencións.**





Pola Sra. Alcaldesa cédese o uso da palabra o Concelleiro de Facenda, **D. Jesús Fernández Fernández, PSdG-PSOE** quén expón, primeiramente, que ademais destes impostos que se propoñen, con efectos de de 1º de xaneiro, dado que hai unha Ordenanza municipal aprobada o 12 de novembro do ano 2007, - referente ó punto número 2 da proposta- en dito acordo ía o Imposto do Incremento do Valor dos Terreos, que non se está aplicando..., e que, si no Concello de Viveiro hai que levar o tema, e hai que ter técnicos especializados, tendo en conta que, moitas veces a recadación executiva acaba en xulgados e demáis...entendemos que a Deputación ten outros mecanismos do que o Concello carece, por iso decidimos facer este tipo de convenio, que remataría o 31 de decembro do ano 2018; si ben, pódese renovar automaticamente por un período de dez anos, pero con un ano de antelación pódese revogar.

**Intervén D. Antonio José Bouza Rodil**, en representación do **Grupo Municipal do P.P.**, para indicar que se está a falar que a Deputación recadaría estes dous impostos en período voluntario, sendo o IAE e o Incremento do valor dos terreos, e tamén o executivo de todo e non afectaría ó IBI nin outros....

Seguidamente engade que este” acordo “ que se pretende hoxe non se parece nada o que se tomou no 2014. Nosoutros na forma non teríamos nada que dicir, pero sí no fondo, porque o que se pretende e que a Deputación cobre este impotos de (Incremento de valor dos terreos de natureza urbana) nunha Ordenanza, aprobada en novembro do 2007 que entraría en vigor no ano 2008, e que o Partido Popular votou en contra, xa que estabamos de acordo en que non se podería gravar máis impostos ao cidadan, tendo en conta que xa temos o IBI cuns incrementos importantes nos recibos. Nos, non estamos de acordo en que esta Ordenanza se leve a cabo, e pediríamos que esta Ordenanza se derogara. Esta é a razón pola que vamos a dicir que non a este acordo mentras esta Ordenanza non se deregue.

**Seguidamente intervén D. Bernardo Fraga Galdo, voceiro do grupo municipal do BNG**, quén dí que se trae un acordo para delegar competencias á Deputación, cun Partido que acaba de facer pactos a nivel nacional con Ciudadáns e lle estamos dando competencias a unha Administración que queremos que desapareza. Polo que vamos a ser coherentes e vamos votar que non.

Continúa dicindo que cando se fala de técnicos do Concello, poderíase adquirir programas de formación para o persoal cos cartos que aforrariamos se non delegamos estas competencias na Deputación e para que os vecinos non teñan que desprazarse a Lugo e que administración non esteña cada día máis lonxe.

**Intervén a continuación, D. Marcos Besada Alvarez, voceiro en representación de SON-Viveiro**, e ven en dicir que comparte os argumentos do representante do BNG que hai que estar máis cerca do cidadán, facilitarlle os asuntos nestes tempos que todo estase a mecanizar e interesa máis cercanía para o administrado, polo que vamos votar non a esta proposta e unímonos ós argumentos do compañeiro do BNG.

Pola Sra. Alcaldesa, dícese de conceder un segundo turno de intervencións para debatir a proposta novamente e cede a palabra ao Sr. Concelleiro-Delegado de Facenda.

Seguidamente intervén o Concelleiro de Facenda, D, **Jesús Fernández Fernández, (PSdeG.PSOE)** para dicir que esta Ordenanza da Plusvalía e do Incremento de Valor dos Terreos, por parte de Intervención, xa se dixo que non se está aplicando, e si non se pode incluír neste apartado, entón habería que anulala....xa que unha Ordenanza que non se aplica non ten sentido.



Por outra banda, a día de hoxe, creo que a Deputación de Lugo, deixando as siglas aparte está a colaborar cos Concellos en moitos asuntos e, referente ó tema do gasto que dí o representante do BNG, teño que engadir que un programa de executiva costa, aproximadamente, uns 20.000 euros. No Concello xa sabemos que hai persoal preparado, pero esa praza, en este caso, de temas fiscais e de dereito tributario, na actualidade, non hai persoal para levalo, e optamos polo tema da delegación da recadación executiva na Deputación, porque nos supón uns 2.000 ou 3000 euros ao ano, e con eses cartos non se podería pagar os programas necesarios para levar o imposto dende o concello.

**Seguidamente intervén Sra. Alcaldesa** para contestarlle o voceiro do BNG, Sr. Bernardo Fraga en relación coa súa intervención, decirlle que o BNG tamén está gobernando na Deputación Provincial, e votou a favor do 1% na racadación; polo que temos que ser coherentes todos... e ven en engadir tamén, que as Deputacións seguen vixentes e gracias á Deputación de Lugo, en Viveiro, no no fixo mal...

Continúa dicindo que con respecto a acercar a administración ós cidadáns que propoñía o concelleiro de Son-Viveiro, Sr. Marcos Besada, decirlle que este goberno está a facer acercar a administracións ós cidadán, xa que se están dando totalas facilidades posibles antes de levar os recibos para executiva, non só con pagos fraccionados senon tamén enviando avisos varios ós contribuintes, polo que consideramos que estamos moi cercanos ós administrados.

**A seguir dí**, que referente o que manifesta o Sr. Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, que pide que se anule a Ordenanza da Plusvalía ou Imposto de Incremento do Valor dos Terreos, que xa non se ven aplicando, e pola nosa parte, non hai inconveniente en proceder a anular a Ordenanza do Imposto de Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. e aprobar este acordo sin a plusvalía, aínda que para elo temos que modificar esta proposta que se presenta hoxe ao pleno corporativo, no senso de proceder a anular o punto dous (2).

Pola Sra. Alcaldesa cédese a palabra **o representante do P.P.,D. José Antonio Bouza Rodil**, quen dí que o seu grupo non ten inconveniente en aprobar esta proposta sempre que se deroge a Ordenanza do Incremento do valor dos terreos.

Pola Sra. Alcadesa faise fincapé de que xa na Comisión informativa díxose que non habería problema en modificar a proposta, e votar por separado os puntos, no senso de: “ Non punto 2) “ Derogar a Ordenanza do Incremento do Valor dos Terreos” e aprobar os puntos 1) e o punto 3).

**Pola Sra. Interventora Dona Rosa Abelleira Fernández**, admítese que se pode modificar a proposta existente suprimindo o punto dous e ven en indicar que e máis eficaz derogar a Ordenanza do Incremento do Valor dos Terreos xa nesta sesión plenaria onde estan tódolos concelleiros.

Visto o informe da Sra. Interventora e o informe da Sra. Secretaría que, entre outros, dí que o órgano competente para a súa aprobación é o Pleno, requirindo maioría absoluta do número legal dos membros da corporación segundo o artigo 47.2.h) da LBRL.

Tendo en conta o Dictame da Comisión Informativa de Economía.



**Pola Sra. Alcaldesa, sométese a “modificación da proposta”** a votación no senso de que se vote por separado os puntos da proposta sinalados cos número **1º e 3º**;

Así como no punto **2º que se suprima**, e se acorde **derogar** a ordenanza do Imposto do Incremento do Valor dos Terreos (Plusvalía).nº-43.

**Votos a favor, dos puntos 1º e 3º: trece (13)** que resultan ser, oito (8) do PSdG-PSOE, e cinco (5) do Partido Popular (P.P.).

Votos en contra: **catro**, (4) que resultan ser, tres (3) do BNG, e un (1) de Son.

**Votos a favor, do punto 2º, sobre “derogación da Ordenanza do Incremento do Valor Terreos”.- trece (13)** que resultan ser: oito do PSdG-PSOE e cinco(5) do P.P.

**Votos en contra:** ningún.

**Abstencións:** catro (4) que resultan ser, tres (3) do BNG, e un (1) de SON VIVEIRO

Polo que o Pleno do Concello por “ **maioría absoluta**” con trece votos a favor e catro en contra,

#### **ACORDA: DELEGAR**

**Primeiro.-** os puntos primeiro (1) e terceiro(3) sinalados no primeiro punto da proposta do acordo de delegación na Excma. Deputación Provincial de Lugo consistentes en:

**1.-**Con efectos de 1 de xaneiro de 2016, todas as competencias deste Concello en materia de xestión, inspección e recadación, tanto en período voluntario coma en período executivo, reguladas no vixente texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, xa estean atribuídas, directamente, pola Lei Reguladora das Facendas Locais, xa estean atribuídas, directamente, pola propia norma, ou sexan asumibles en virtude dos convenios de delegación ou acordos de colaboración que a Deputación Provincial puidese celebrar con calquera das Administracións públicas, do Imposto sobre Actividades Económicas.

**3.-**Con efectos do 1 de xaneiro de 2016, as competencias de xestión recadatoria e período executivo de todas aquelas débedas derivadas de liquidacións periódicas, ou non periódicas realizadas polo Concello en período voluntario,incluídas as sancións e aquelas outras derivadas dun acto administrativo,en virtude do cal houbese de satisfacerse cantidade líquida

**2.- Derogar** a Ordenanza do Imposto sobre o Incremento de Valor dos terreos de Natureza Urbana., **ordenanza fiscal nº 43.**

**Segundo .-**Aprobar as condicións que han de rexir as delegacións reseñadas anteriormente.

**Terceiro.-** Facultar á Sra. Alcaldesa para a sinatura do convenio e tódolos documentos que se precisen, así como para a execución das actuacións necesarias para levar a efecto este acordo.”



**8º.- APROBACION DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DENOMINADO “SERVICIO DE AXUDANO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIVEIRO (exp.2015/4)**

Pola Sra. Alcaldesa cédese a palabra ao Sr. Tenente de Alcalde-Delegado de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández para dicir que esta Alcaldía está interesada na contratación denominada “Servizo de axuda no fogar para persoas dependentes do Concello de Viveiro, segundo o prego de prescricións técnicas que se xunta, elaborado polo departamento de Servizos Sociais do Concello, e que se facilitou ós Concelleiros e se viu na Comisión Informativa, no que constan unhos prezos unitarios máximos de facturación de servizo de 12,00 E/hora en horario laborable e de 13,50 E/hora en horario festivo ou nocturno, IVE engadido, cun orzamento estimado máximo para o primeiro exercizo de 375.000 euros (IVE engadido) para un total de 31.000 horas.

O prego de cláusulas administrativas regula unha duración de contrato de dous anos(2), computada a partir do día no que se formalice a Acta de inicio da prestación. O contrato poderá prorrogarse mediante dúas prórrogas (2), dun ano (1) de duración cada unha, ata un máximo de catro anualidades (4), o importe provisional do financiamento quedaría desglosado do seguinte xeito:

Anualidade	Periodo	Importe base	4% IVE	Importe total
2016	01.04.16-31.12.16	270.432,68 €	10.817,31€	281.250,00€
2017	01.01.17-31.12.17	360.576,92€	14.423,08€	375.000€
2018	01.01.18-31.12.18	360.576,92€	14.423,08€	375.000€
2019	01.01.19-31.12.19	360.576,92€	14.423,08€	375.000€
2020	01.01.20-31.03.20	90.144,23€	3.605,77€	93.750,00€

Aberto o turno de intervencións, prodúcese só a intervención de:

*D. Marcos Besada Alvarez, Concelleiro en representación do SON-VIVEIRO, para suxerir si se pode incluír unha **cláusula** onde se favoreza e bareme máis a aquelas empresas que oferten máis estabilidade ós traballadores que se contraten, e que leven o cumprimento do horario establecido, para evitar que se produzan abusos nos horarios dos traballadores e poder controlar as empresas que non cupran co establecido.*

Vista a proposta da Alcaldía para aprobación do expediente de contratación mediante procedemento aberto, dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, así como o gasto para a presente anualidade 2016.

Visto o informe e certificado RC da Intervención municipal, asinado o 18 de febreiro de 2016, para na presente anualidade existe saldo de crédito orzamentario preciso con cargo á partida orzamentaria núm. 2310.22799, por un importe total de “douscentos oitenta e un mil douscentos cincuenta euros” (281.250,00€).

Visto o informe da Secretaría xeral e tendo en conta o dictame da Comisión Informativa de Benestar Social.

*Non existindo máis debate sobre este asunto, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación engadindo a proposta do Concelleiro de Son-Viveiro, Sr. Besada e o Pleno Corporativo **por unanimidade**, con*



*dezásete votos a favor, que resultan ser: oito(8) do PSdG-PSOE, cinco (5) do PP; tres (3) do BNG, e un (1) do SON, ACORDA:*

*1.-Prestar aprobación ó Expediente de Contratación denominado “Servizo de Axuda no Fogar para persoas dependentes do Concello de Viveiro” (ExP.2015/4).cun tipo de licitación en horario laborable de 12,00 €/hora e en horario festivo ou nocturno de 13,50 €/hora, por un prazo de dous anos.*

*2.-Aprobar os pregos de cláusulas administrativas e o de prescripcóns técnicas, que rexerán a contratación, incluíndo a proposta do Concelleiro D. Marcos Besada Alvare de Son-Viveiro e engadir outra **cláusula** onde se favoreza e bareme máis a aquelas empresas que oferten máis estabilidade ós traballadores se contraten, e que leven o cumprimento do horario.*

*3.-Aprobar o gasto para a referida contratación, condicionando o expediente á existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas da mesma nos exercizos 2017 e sucesivos.*

*4.-Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación municipal para a continuidade do expediente os efectos da publicación posterior do anuncio de licitación e ata a súa conclusión, así como ó Departameto de Intervención para o seu coñecemento.*

## **9º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**1ª.- Dona Belinda Bermúdez Otero**, en representación do **Grupo Municipal Popular de Viveiro**, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, 0 seguintes **ROGO** ó obxecto deque se subsanen as deficiencias sinaladas coa maior prontitude posible.

**1º).**-Varios veciños da Rúa Grande de Celeiro nos fixeron chegar o seu malestar e descontento co estado do firme de dita rúa, o cal se encontra con desperfectos dende o cruce dos Catro Camiños ata a zona arranxada. En plena campaña electoral das eleccións municipais vostedes indicaban que levarían a cabo a remodelación total da Rúa Grande de Celeiro.

Por este motivo, é polo que lle **rogamos** á Sra. Alcaldesa cumpra coas súas promesas e procedan, canto antes, a dita remodelación

### **Pola Sra. Alcaldesa se lle responde:**

Levamos este tema na campaña electoral; é certo, pero aínda levamos nove meses ó cago do Gobeno municipal, e temos pensado levar a cabo as obras dentro do programa para catro anos.Nos, non podemos cumprir todo o progrma en” nove meses” cando está feito para catro anos. De todas maneiras vámolos ter en conta.

**2º).**-**Dona Belinda Bermúdez Otero**, en representación do **Grupo Municipal Popular de Viveiro**, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, as seguintes PREGUNTAS sobre as que desexa obter no **Pleno**, a correspondente resposta, ben oral ou por escrito.

No derradeiro Pleno presentábamnos un rogo, no que pediamos o adecentamento da **rúa Alonso Pérez** adoptando outro tipo de medidas para que as fochancas non voltaran a aparecer. O 25 de xaneiro foron tapadas con aglomerado en frío, non transcurrido nin quince días volven a estar igual ou peor que antes. A Sra. Alcaldesa contestounos a dito rogo que a concellería de obras reservara no



ano 2015 parte do presuposto que manexa para acometer a obra, pero debido a unha situación de urxencia, tivera que utilizar esa reserva de crédito para outro fin. Indicando que a obra estaría xa executada se non estivera condicionada por unha actuación complementaria, que entenden importante, e que se ten que realizar con carácter previo.

Por todo o expos preguntamos ó Goberno Local:

- 1.- Cal foi a situación de urxencia para a que se destinou dita partida?.
- 2.- Cal é a actuación complementaria, que entenden importante e que se ten que realizar con carácter previo?.
- 3.- Teñen previsto arranxar dita rúa en datas próximas ou os veciños/as terán que seguir soportando esta situación durante un ano máis?

**Pola Sra. Alcaldesa se lle responde:**

Cando se fixeron as beirarrúas exteriores ao vello porto de Viveiro, o arquitecto responsable da obra, D. antiago Meitín, percatouse de que a tubería xeral da auga que subministra a Viveiro e que aínda era de fibrocemento ía a quedar enterrada baixo elas.

Unha eventual rotura nesta canalización suporía importantes destrozos na obra que estabamos executando. Coa previsión e sensatez que vén aplicando en todas as obras municipais, o arquitecto referido plantexou a necesidade de cambiar esta tubería para evitar problemas no futuro. Como este cambio non estaba contemplado na obra, para poder levalo a cabo, foi necesario utilizar a proposta de gasto que o delegado de obras había feito para aglomerar a zona do camiño vello que nos ocupa.

Coa intención de ampliar esta zona **da rúa Alonso Pérez**, onde se atopa o transformador de Begasa estanse levando a cabo negociacións cun veciño. Non nos parecía lóxico repoñer o firme con aglomerado en quente e logo, en caso de chegar a un acordo, traballar na zona con maquinaria pesada.

Como xa comentei no seu momento neste pleno municipal o arranxo do firme está entre as nosas prioridades inmediatas.

**3º.-D.Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, as seguintes**

PREGUNTAS sobre as que desexa obter no Pleno, a correspondiente resposta:

No Pleno do día 7 de outubro de 2015 este grupo municipal presentou unha moción para o seu debate, sobre o saneamento do Pontigo, Hermosende e Parraguesa de Galdo e a mellora do saneamento noutras parroquias do Concello.

Durante o debate desta moción o Concelleiro-Delegado de Obras chegou a dicir (segundo consta en acta) nun entender como dos 24 pozos de bombeo, Viaqua (empresa concesionaria de auga e saneamento) solo paga hoxe a enerxía a 5 deles, polo que carece de fundamento, o que hai algo de confusión”. Sinalaba así mesmo o Concelleiro de Obras, que estaban esperando para que o xefe de zona de Viaqua viñese a falar sobre varios temas importantes para o Concello e que tiñan que ver coa xestión da Empresa Viaqua últimamente.

Por todo isto lle **PREGUNTAMOS Á Sra. Alcaldesa:**



- 1.- Transcurridos cinco meses, mantiveron algunha reunión co Xefe de Viaqua para esclarecer quen ten que pagar as facturas do consumo eléctrico dos pozos de bombeo do saneamento?.
- 2.- Por que motivo ata o día de hoxe, dos 24 pozos de bombeo, Viaqua so pago o consumo eléctrico de 5 pozos e o resto os paga o Concello?.
- 3.- Tenlle encargado o equipo de goberno algún tipo de actuación a curto prazo á Empresa Viaqua na procura de mellorar a canalización de abastecemento de auga no noso Concello?.

**Pola Sra. Alcaldesa se lle responde:**

Despois de numerosas xestións levadas a cabo durante o último ano polo equipo de goberno, por fin, o pozo de bombeo do Pontigo, en Galdo, quedou listo e a enerxía contratada. Poñelo operativo supuxo un desembolso de 15.000 euros. Os veciños da zona, como se comunicou á prensa, xa poden conectarse á rede de alcantarillado executada sendo alcalde Melchor Roel. A día de hoxe, segundo a información que dispoñemos, aínda ningún veciño solicitou o entronque en Viaqua.

Para ser exactos, o que realmente dixo o delegado de obras foi que non entendía o argumento exposto pola señora interventora ao negar a proposta de gasto para dar enerxía ao pozo de bombeo cando o concello na actualidade estaba pagando a enerxía eléctrica de outros 19 pozos de bombeo. Posteriormente aceptouse o pago.

A pesar dos condicionantes, este goberno nunca perdeu de vista a mellora da canalización da auga municipal.

**Don Celestino García Paz**, en representación do **Grupo Municipal Popular de Viveiro**, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, os seguintes **ROGOS**, ó obxecto de que se subsanen as deficiencias sinaladas coa maior prontitude posible:

1º) Algúns veciños das distintas parroquias, nos plantearon a necesidade de colocar nos apeadeiros do Ferrocarril e nas Paradas do Bus dentro do noso Concello, a colocación dos horarios de chegadas e saídas de ambos medios de transporte público. Aínda que somos conscientes de que isto non é unha competencia do Concello, **ROGAMOS** á Sra. Alcaldesa que faiga as xestións necesarias, tanto co Ferrocarril como coas empresas de transporte de viaxeiros para a colocación dos mencionados horarios.

**Pola Sra. Alcaldesa se resposta:**

Aínda que a día de hoxe parece bastante sinxelo que un veciño poida coñecer os horarios tanto do ferrocarril como do bus, realizaremos as xestións que vostede nos pide. En concreto, dirixímonos á estación principal do ferrocarril de Viveiro e trasladáronnos que tanto nos apeadeiros de dita estación como no resto das estacións do concello están reflectidos os horarios dos trens.

**Don Celestino García Paz**, en representación do **Grupo Municipal Popular de Viveiro**,



2º).- Na parroquia de Galdo, en concreto en Vilar de arriba en plena curva da estrada a Vieiro, hai un espello de seguridade vial roto desde hai meses, motivo polo que ROGAMOS ó Goberno Local que proceda a súa colocación a meirande brevidade posible

**Pola Sra. Alcaldesa se resposta:**

Non tivemos ningunha noticia ao respecto. O delegado de obras desplazarase en breve á zona para comprobar a situación e darlle unha situación.

**Don Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro**

3º) Cónstanos que nos últimos meses se fixeron reparacións con gravilla solta e alquitrán por orde do Concello en pistas e rúas en algunhas parroquias, pero gustaríanos recordar que outras siguen sen reparar, tal como sucede en Covas, no barrio do Pedregal, concretamente na rúa de Os Castelos entre as vivendas sociais. Nesta rúa hai sumidoiros que non cumpren a función para que se destinaron, así como moitas fochancas na zona central, que se viron agrandadas como consecuencia da choiva, supoñendo un perigo para a circulación. Por este motivo ROGAMOS ó Equipo de Goberno que proceda o seu asfaltado á maior brevidade, tanto nesta rúa como noutras das distintas parroquias do noso Concello que así o precisen.

**Pola Sra. Alcaldesa se resposta:**

Fieis á súa liña habitual, mentres magnifican fochancas illadas xeradas polas fortes chuvias restan valor á importante labor levada a cabo durante os últimos meses nas pistas municipais.

Falemos con rigor. Segundo me comunica o delegado de obras, acometeuse o arranxo integral de varios viais con dobre rego asfáltico como se viña facendo ata o goberno bipartito no ano 2003. Ata aquel momento a modalidade de aglomerado en quente brillaba pola súa ausencia. O único obxectivo do que vostede denomina “**gravilla solta**” é selar o traballo previamente realizado.

Se unha fochanca de dimensións considerables non alcanza unha superficie de un metro cadrado, o goberno local executou nos últimos meses trece mil metros cadrados, repito, trece mil metros cadrados con dobre rego asfáltico integral, ademais do bacheo ao longo de 4.000 metros lineais de vial. Tamén nalgún caso, como no Camiño da Trave, onde se cambiaron 300 metros de tubería, previo ao dobre rego asfáltico, rexenerouse o subsolo a base de pedra xa que só existía barro.

Somos conscientes de que existen sumidoiros que non cumpren a súa función. A herdanza recibida sobre a recollida de auga é lamentable. A maioría de pistas municipais carecen dela. Esta é unha das razóns fundamentais do deterioro repetitivo en diversas zonas. Unha volta durante un día de choiva pola pista da Ameixoa en Vieiro sírvenos para valorar o que supón tamén para os veciños a carencia de sumidoiros.

Respecto ás fochancas do Pedregal e doutras zonas, por suposto que se acometerá o seu arranxo en canto o tempo o permita

**Don Antonio J. Bouza Rodil** , en representación do **Grupo Municipal Popular de Viveiro**, realiza á Alcaldesa da Corporación as seguintes preguntas sobre as que desexa obter no Pleno, a correspondiente resposta, ben oral ou por escrito.





Hai uns días, en distintos medios de comunicación lembrábase a data do 6 de febreiro de 1995, data do falecemento da pintora viveirense Maruja Mallo, sinalándose por parte do pintor lucense Vázquez Cereijo que os 26 anos do seu pasamento pasaran sen pena nin gloria en Viveiro, a súa terra natal, ó tempo que ofrecía ó Concello a cesión de catro obras da artista, sempre que puidieran ser expostas e vistas polo público.

Este feito é totalmente certo, xa que aínda que os equipos de goberno socialista van cheos de facer grandes anuncios de proxectos en torno á figura desta inigualable artista, o certo é que non foron quen de concretar ningún deles, quedándose no habitual, é dicir, vender fume e non facer nada.

Basta con repasar as hemerotecas para comprobar como o anterior Alcalde, anunciaba que o Ministerio de Cultura ía a custear a rehabilitación do Pazo de Malates para convertilo nun centro de interpretación da obra de Maruja Mallo, anuncio que contou coa visita incluída do daquela Ministro de Cultura Socialista César Antonio Molina. A realidade móstranos que 6 anos despois dito prazo atópase nun estado de ruina total e alí non se fixo nada de nada.

Si falamos da bienal adicada a Maruja Mallo, que fora aprobada en pleno por unanimidade no ano 2004, comprobamos como nada se soupo da mesma dende aquela, non cegando a ser convocada nunca con posterioridade á súa aprobación. Outro claro exemplo máis de desidia e deixadez destes gobernos socialistas que prometen moito, pero logo non cumpren.

Sinala que dende o PP de Viveiro nos alegamos que por fin, nove anos despois de aprobalo nun Pleno do ano 2007, se vaian a colocar as placas que dan nome a súa rúa, rúa que se atopa na actual prolongación de Constanza de Castro, e que mesmo se planteara como opción para adicarlle ó poeta Carlos Oroza, o que deixa ben as claras o descoñecemento e a pouca importancia que este señores lle conceden a estes temas. Por certo, o poeta Carlos Oroza sigue agardando, máis de dous anos despois de que se aprobase no pleno de xuño de 2013, a que se localice unha rúa que poida levar o seu nome. Outro exemplo máis de xestión dilixente e efectiva tal e como acontece coa figura de Maruja Mallo.

Ante este cúmulo de incumprimentos e de anuncios baleiros é polo que lle preguntamos á Sra. Alcaldesa:

- 1) Teñen pensado entablar algún tipo de negociación co Sr. Vázquez Cereijo para facer efectivo o seu ofrecemento?.
- 2) Contemplan a posibilidade de habilitar algún espacio adicado á figura de Maruja Mallo e outros persoeiros ilustres de Viveiro, onde se poidan expor obras dos mesmos?.
- 3) Teñen pensado darlle cumprimento o acordo plenario, aprobado, por unanimidade, polo Pleno no ano 2004 e convocar a bienal adicada á pintura?.
- 4) En qué situación se encontra actualmente o proxecto de converter o Pazo de Malates nun centro de interpretación da obra de Maruja Mallo.?

**Pola Sra. Alcaldesa se lle resposta:**



Sorpréndeme moito que o voceiro e Concelleiro do Padio Popular faiga esta pregunta da situación do ” Pazo de Malates”, cando o anterior Alcalde, D.Cesar Aja nos levou a fiscalía por licenzas, entre outras, o estudo de detalle do Pazo de Malates, pero polos motivos expostos o

Ministerior Fiscal dí que está sobreseído.A día de hoxe, non se pode facer nada xa que hai un informe do Arquitecto Municipal que dí que é Solo Urbano Non consolidado.

Co Sr.Vázquez Zereixo púxome en contacto varias veces pero non fun capaz de obter ningunha resposta en varias chamadas.

E referente ó Centro Comarcal da Mariña Occidental, teño que dicir, que xa vai para dous anos, solicitamos a reversión para o Concello do Centro Comarcal da Mariña Occidental e aínda estamos coa espera de recibir o edificio e sería bó para exposicións, entre outras, como é o caso que acontece. Polo que esperamos que a Xunta nos ceda o edificio canto antes.

**Don Marcos Besada Alvarez, Concelleiro** en representación do **Grupo Son Viveiro**, solicita a Alcaldía que se lle admita facer un **ROGO**, aínda que acaba de tomar posesión como Concelleiro, polo que pola Sra.Alcaldesa, accede ó solicitado, sendo o seguinte:

**ROGO:** Que pola Corporación Municipal se adopten medidas mediante un tipo de protección máis sólido e referente ó edificio en ruínas da Praza Maior de Viveiro, xa que parece insuficiente a protección que ten actualmente, e interesa velar pola seguridade dos viandantes, polo que interesamos medidas cunha protección vertical moito máis estable, á dereita da parede medianil.Non existe nin o lado dereito nin no esquerdo vallas que protexan ou unha plataforma de madeira etc., xa que alí hai xuntanzas de vecinos e temos que velar pola súa seguridade.

Pola Sra.Alcaldesa respóstaselle que xa se adoptaron algunhas medidas de protección, pero que se terá en conta a suxerencia, e en breve farase unha relación de feitos e pasos que se están dando con relación ó edificio da Praza Mayor en cuestión.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 22 horas e quince minutos do día dez de marzo de 2016, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria Accidental dou fe.

A SECRETARIA ACCTAL